



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sendo concedida a esta Universidade pola Comisión da Comunidade Europea segundo a proposta do Consello Universitario Europeo da Acción Jean Monnet as Cátedras Jean Monnet de: "Institucións de Dereito Comunitario" e "Dereito Comunitario do Mar", un Módulo Jean Monnet de "O papel das rexións na Unión Europea" e un Módulo Jean Monnet de "Análise comparado da Unión Europea e da Integración en América Latina e Caribe", o Módulo Jean Monnet (Ref.04/0177) "Internal Market, competition and Regulation: the Decision-Making Processes" e a Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea: "Economía da Competencia I: Análise das Regras da Competencia na Unión Europea", "Economía da Competencia II: Política Industrial en Servicios Públicos e I+D na Unión Europea" e "Política da Competencia na Unión Europea", **este Reitorado RESOLVE:**

ABRIR PRAZO PARA SOLICITA-LA ADMISIÓN E FORMALIZA-LA MATRÍCULA para o ano académico 2009/2010 no curso sobre "**Institucións de Dereito Comunitario**" (6 cr) e "**Dereito Comunitario do Mar**" (4 cr) suxeito ás seguintes normas:

1º ÁMBITO DE APLICACIÓN

Alumnos matriculados nos cursos 3ª, 4º ou 5º da Facultade de Dereito.

2º PRAZO DE ADMISIÓN

Do 30 de outubro ao 2 de novembro de 2009

3º SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Na área de Dereito Internacional Público facilitarase o impreso de solicitude que deberá ser presentado no mesmo lugar, especificando as cualificacións obtidas nas diversas materias cursadas.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

4º Nº DE PRAZAS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O número de prazas é de 75 e a selección farase tendo en conta o expediente académico.

5º RESOLUCIÓNS

A relación de admitidos será publicada o día 4 de novembro de 2009 pola área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais na Facultade de Dereito.

MATRÍCULA

A matrícula formalizarase do 16 ao 20 de novembro de 2009, nos Servizos Administrativos da Facultade de Dereito. Os alumnos deberán aboa-la cantidade de 9,37 euros por crédito matriculado consonte ao acordo adoptado polo Consello Social da Universidade con data de 27 de outubro de 2009.

ABRIR PRAZO PARA SOLICITA-LA ADMISIÓN E FORMALIZA-LA MATRÍCULA

Para o ano académico 2009/2010 no curso **"Internal Market, competition and Regulation: the Decision-Making Processes"** (3 cr) suxeito as seguintes normas:

1º ÁMBITO DE APLICACIÓN

Alumnos matriculados nos cursos 2º, 3º, 4º ou 5º da Escola Politécnica Superior e alumnos matriculados nos cursos 2º e 3º da Escola Universitaria Politécnica, Escola Universitaria de Relacións Laborais e Escola Universitaria de Deseño Industrial para o curso de: "Internal Market, competition and Regulation: the Decision-Making processes- Strategic Management of Quality and Innovation".

2º PRAZO DE ADMISIÓN

Do 2 ata o 13 de novembro de 2009



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

3º SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Secretaría do Departamento de Análise Económica e ADE – Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea) ou na Conserxería dos Centros nos que se vai a impartir a docencia.

4º Nº DE PRAZAS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O número de prazas é de 150 e a selección farase tendo en conta o expediente académico e coñecemento de idiomas.

5º RESOLUCIÓNS

A relación de admitidos será publicada o día 16 de novembro de 2009 nos Centros correspondentes.

6º MATRÍCULA

A matrícula formalizarase do 17 ata o 27 de novembro de 2009, nos Servizos Administrativos do Centro no que o alumno estea matriculado. Os alumnos deberán aboa-la cantidade de 9,37 euros por crédito matriculado consonte ao acordo adoptado polo Consello Social da Universidade con data de 27 de outubro de 2009.

ABRIR PRAZO PARA SOLICITA-LA ADMISIÓN E FORMALIZA-LA MATRÍCULA

para o ano académico 2009/2010 nos cursos mencionados suxeitos ás seguintes normas:

1º ÁMBITO DE APLICACIÓN

Alumnos matriculados nos cursos 2º, 3º, 4º ou 5º das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, Socioloxía e Informática e alumnos matriculados nos cursos 2º e 3º da E.U. de Estudos Empresariais, para o curso de: "**Economía da Competencia I: Análise das Regras da Competencia na Unión Europea**"(4,5 cr).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Alumnos matriculados nos cursos 4º e 5º das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, Socioloxía e Informática e alumnos matriculados en 3º curso da E.U. de Estudos Empresariais para o curso de: **“Economía da Competencia II: Política Industrial en Servicios Públicos e I+D na Unión Europea” (4,5 cr).**

Alumnos matriculados nos cursos 2º, 3º, 4º e 5º das Facultades de Dereito, Socioloxía e Informática, para o curso: **“Política da Competencia na Unión Europea” (4,5 cr).**

2º PRAZO DE ADMISIÓN

Do 2 ao 19 de novembro de 2009

3º SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: na secretaría do Departamento de Análise Económica, na Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea ou na conserxería do Centro.

Facultades de Dereito, Informática e Socioloxía: na conserxería do Centro.

Escola Universitaria de Estudos Empresariais: no Departamento de Análise Económica e ADE, ou na conserxería do Centro.

4º Nº DE PRAZAS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O número de prazas é de 200 e a selección farase tendo en conta o expediente académico e coñecemento de idiomas. Darase prioridade aos estudantes dos últimos anos da titulación.

5º RESOLUCIÓN

A relación de admitidos será publicada o día 20 de novembro de 2009 polo Departamento de Análise Económica nos Centros correspondentes.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

6º MATRÍCULA

A matrícula formalizarase do 23 de novembro ata o 18 de decembro de 2009, nos Servizos Administrativos do Centro no que o alumno estea matriculado. Os alumnos deberán aboar a cantidade de 9,37 euros por crédito matriculado consonte ao acordo adoptado polo Consello Social da Universidade con data de 27 de outubro de 2009.

A Coruña, 28 de outubro de 2009

O reitor,



Asdo: José María Barja Pérez